

IV

Plan Integral

de Apoio ás Familias Galegas

2008-2011

Índice

1. INTRODUCCIÓN	8
2. AS FUNCIÓNS DO PLAN	10
2.1. OBXECTIVOS DO PLAN	10
2.2. SISTEMATIZACIÓN DA PLANIFICACIÓN	10
2.3. PLAN DE PARTICIPACIÓN	11
2.3.1. OBXECTIVOS DO PROCESO PARTICIPATIVO	12
2.3.2. PROTAGONISMO DAS ENTIDADES SOCIAIS NO PROCESO	12
2.4. PROCESO DE DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO	14
2.4.1. A FASE DE DIAGNÓSTICO	14
2.4.2. A FASE DE DESEÑO DO PLAN DE ACCIÓN	15
3. MARCO NORMATIVO	17
3.1. NORMATIVA INTERNACIONAL E EUROPEA	18
3.2. NORMATIVA ESTATAL	22
3.3. NORMATIVA AUTONÓMICA	24
4. IV PLAN INTEGRAL DE APOIO ÁS FAMILIAS. PLAN DE ACCIÓN	29
ANEXO.	
PARTICIPANTES NO PROCESO DE DESEÑO DO IV PLAN DE APOIO ÁS FAMILIAS	83

Edita: Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.

Impresión: Grafisant

Dep. Legal:

Deseño e maquetación: ográficodeseño

GALIZA ten experimentado nos últimos anos importantes cambios (económicos, sociais, etc) que se trasladan ás novas dinámicas relacionais que afectan á calidade de vida das nosas familias. Cambios que obrigan ao Goberno galego a promover políticas públicas cun maior calado social, establecendo mecanismos de valorización das persoas e dos colectivos aos que pertencen. Neste contexto, adquire especial protagonismo o ámbito familiar, no seu papel educativo e de convivencia, onde as dinámicas culturais e relacionais constrúen espazos únicos de crecemento persoal e colectivo dos seus membros. A súa referencia, como lugar de encontro e enriquecemento convivencial, conforman a identidade e maneira de construír a nosa sociedade.

Con esta idea a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Secretaria Xeral da Igualdade, presenta o IV Plan de Apoio ás Familias Galegas. Documento que recolle o conxunto de principios e accións encamiñadas a mellora a calidade de vida e incidir no benestar das persoas. O Plan constitúe o escenario sobre o que articular a política autonómica no que respecta á estabilidade, calidade de vida, autonomía e benestar das familias galegas.

O Plan supón un instrumento para o impulso, así como o marco de referencia sobre o que traballar e deseñar unha política de apoio e desenvolvemento ás familias.

Este novo Plan dá centralidade ás medidas dirixidas á coordinación e implicación das diversas administracións e entidades sociais, así como ás propias persoas e colectivos aos que van dirixidas as accións. Na concepción do Plan incidíuse na xeración dun proceso de integración social a diferentes niveis que garantise a súa funcionalidade como a súa propia sustentabilidade.

Finalmente, teño que agradecer o apoio prestado por parte dos colectivos profesionais que traballan no ámbito familiar, así como ao conxunto de entidades sociais que participaron na súa elaboración nun exercicio de traballo e encontro que permitiu a definición do Plan e facer del unha ferramenta de ordenación da actuación do goberno autonómico, promovendo un maior achegamento á cidadanía galega e ás súas familias.

Carme Adán Villamarín
Secretaria Xeral da Igualdade

O PRESENTE DOCUMENTO estrutúrase en tres grandes apartados. O primeiro recolle os obxectivos do Plan e a lóxica de traballo na que se baseou o seu deseño, a través dun proceso participativo que contou coa presenza dos colectivos sociais e profesionais que desenvolven o seu traballo no espazo das políticas familiares.

O segundo capítulo, recolle o marco normativo en torno ás familias.

No terceiro, *Obxectivos, liñas de actuación e accións*, é propiamente o guieiro de actuación para o período 2008-2011. Diferenciando seis áreas, establece obxectivos prioritarios para cada unha delas e fixa unha serie de liñas de actuación e accións para a consecución de cada un deses obxectivos. Ao tempo, recolle o sistema de indicadores e os mecanismos de seguimento e avaliación do Plan.

1 Introducción

INTRODUCCIÓN

O IV Plan Galego de Apoio ás Familias é unha iniciativa da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, en atención ás funcións que lle corresponden de deseño, coordinación, avaliación e xestión das políticas que a Xunta realice en materia de xénero, loita contra a discriminación por razón de sexo, igualdade entre homes e mulleres, loita contra a as formas de violencia exercida contra as mulleres e conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Asemade asume a xestión das políticas autonómicas en materia de acción social nos sectores da familia e infancia segundo o disposto na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais; en concreto, compételle a xestión da política familiar en desenvolvemento do previsto na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, a elaboración e seguimento dos plans integrais de apoio á familia.

Dende o ámbito da planificación da actuación pública dirixida á mellora da calidade de vida das familias galegas, os obxectivos que orientan o proceso de deseño

do IV Plan de Apoio ás Familias son os seguintes:

Corresponsabilización das administracións públicas e a sociedade civil

A elaboración do Plan incorpora como obxectivo implícito tramar unha rede de colaboración entre os poderes públicos e a sociedade civil, que permita afrontar con maior garantía as políticas e programas en materia familiar. Tan importante como definir as liñas estratéxicas é o compromiso dos actores nunha lóxica de cooperación que vai permitir levalas a cabo.

Integración dos coñecementos científicos cos saberes sociais

A elaboración do diagnóstico non é só un exercicio de análise científica da realidade. O coñecemento científico e técnico intégrase co coñecemento producido nos espazos de participación. O rigor científico é central para determinar a situación obxectiva da realidade social, pero só cando se integra coa activación pública e social de coñecemento útil é capaz de operativizarse nun Plan

estratéxico que sexa unha resposta eficaz e eficiente.

Transversalidade da actuación pública

O Plan asume un carácter transversal, impregnando a actuación de distintos departamentos dentro e fóra da administración autonómica. Establece espazos de cooperación entre os distintos departamentos da Xunta de Galiza. Estes espazos de colaboración fanse extensivos ademais cara outras administracións e cara ás organizacións sociais.

Articulación dos planos político, técnico e social

O Plan concíbese como unha estratexia compartida entre os planos político, técnico e social, polo que habilita os espazos de

diálogo que permitan chegar un consenso entre eles. Todos os actores sociais implicados son os protagonistas da súa elaboración.

O principal obxectivo que orienta a elaboración do IV Plan de Apoio ás Familias diríxese a trazar as liñas de acción, na mellora das políticas e na calidade dos servizos ás familias incorporando as seguintes claves:

- » Adecuación das políticas ás necesidades prioritarias dirixidas ás familias.
- » Criterios de eficiencia e de organización coordinada entre os distintos departamentos, institucións e axentes sociais.
- » Implicación e corresponsabilidade de todas as institucións e axentes respecto do Plan.

INTRODUCCIÓN

2 As funcións do plan

AS FUNCIÓNS DO PLAN

2.1. Obxectivos do plan

Seguindo os razoamentos previos, o Plan, cumprirá as seguintes funcións:

» **A necesidade do coñecemento para a intervención.** O deseño de estratexias de intervención ha de basearse sobre o diagnóstico da realidade na que actuamos. O feito de contar cunha diagnose sobre a situación das familias galegas, de maneira global e nos distintos ámbitos económicos e sociais, permitirá establecer os obxectivos e futuras actuacións que se pretendan desenvolver co obxectivo de mellorar a calidade de vida das nosas familias.

Trátase de construír un coñecemento que poda servir como fundamento dunha potencial intervención, que sexa susceptible de ser utilizada por aqueles axentes que desenvolven o seu traballo no eido da intervención familiar e poder así dar saída aos seguintes obxectivos:

» **Marcar as liñas estratéxicas da actuación da Secretaría Xeral da Igualdade e do Benestar.** A función básica da planificación é or-

denar as accións dunha administración pública nun sector.

» **Que os actores sociais centrais se comprometan no proceso.** Só a corresponsabilidade dos actores centrais do tecido social galego pode facer do diagnóstico e, posteriormente, do Plan unhas das ferramentas de intervención eficaz.

Estes procesos deben de apoiarse mutuamente: que a actuación dos poderes públicos sexa un proceso de fomento que promova e apoie (e mesmo coordine) as accións civís; e que os axentes sociais demanden colaboración da Administración, e esixan o cumprimento dos compromisos adquiridos.

2.2. Sistematización da planificación

No seguinte documento achegamos unha ordenación da estrutura do Plan, así como unha proposta dos obxectivos que se identifican por cada unhas das áreas de actuación.

Como cuestión xeral o Plan as *Directrices Estratéxicas* marcan as

AS FUNCIÓNS DO PLAN

orientacións xerais ao conxunto dos sectores. Son pautas comúns sobre as que articular o desenvolvemento das medidas concretas que se formulan para casa un dos ámbitos de actuación.

A estrutura dos sectores e subsectores responde a unha lóxica de planificación. Neste senso, cada sector e subsector está estruturado en *Obxectivos, Programas e Accións*.

Máis en concreto a secuencia de ordenación dos sectores responde á seguinte lóxica:

As **directrices estratéxicas** formulan recomendacións que afectan transversalmente ao conxunto da secuencia Obxectivo Xenérico-Programas-Accións, e que poden axudar ao éxito de implementación das medidas.

Obxectivos xenéricos (Obxectivos da Área)

Pretende conseguir efectos xenéricos que a longo prazo supoñan unha alternativa de mellora a problemas e realidades das familias. Correspóndense ao nivel de Planificación estratéxica.

Programas

Marca estratexias de acción e, ao mesmo tempo, identifica metas específicas que, se entende, cómpre desenvolver para acadar o obxectivo xenérico. Procura conseguir uns efectos de carácter máis específico e a medio prazo.

Son obxectivos máis específicos que poden derivar dun ou varios obxectivos xenéricos e que equivalerían ao nivel de Planificación táctica.

Accións ou actuacións concretas

Remite á idea de acción concreta, por canto ten un carácter máis focalizado e derivan dunha ou varias liñas de acción. Correspóndense ao nivel de Planificación operativa.

2.3. Plan de participación

O IV Plan Integral de Apoio ás Familias formulouse como un proceso de reflexión e consenso do conxunto dos actores sociais que interveñen no sector co obxectivo de chegar a un acordo estratéxico sobre as accións de mellora da calidade de vidas das

AS FUNCIÓNS DO PLAN

familias galegas. Este acordo definiu un Plan de Acción coa idea de corresponsabilizar os actores clave na súa posta en práctica: políticos, técnicos, institucións relacionadas, empresas, tecido asociativo, etc., e, en xeral, o conxunto da cidadanía.

O plan de participación pretendía implicalos no deseño e articulación das estratexias de acción e, polo tanto, facelos partícipes no proceso. Isto supuxo establecer e dinamizar marcos de diálogo en que asentar visións comúns sobre as accións de benestar das familias, e definir estratexias de cooperación e compromiso dos distintos axentes na súa construción.

2.3.1. Obxectivos do proceso participativo

O proceso xogou un protagonismo central no deseño do plan de dinamización, na medida en que se formulou a consecución dos seguintes obxectivos:

» **Implicar o conxunto dos axentes sociais** (plano político, técnico e cidadá) no deseño e desenvolvemento do IV Plan Integral de Apoio ás Familias.

» Integrar as distintas perspectivas presentes na constitución dun **consenso social estratéxico** que corresponsabilice o conxunto de participantes.

» **Asentar un capital social** sobre o que apoiar a implementación do Plan, así como doutras iniciativas que se desenvolvan ao seu abeiro.

» Situar o plan como unha oportunidade para desenvolver unha **actuación pública en diálogo coa cidadanía** e definir unha estratexia de cooperación para o futuro.

» **Integrar e vincular as propostas formuladas** desde os espazos de participación nos documentos globais que se deseñen para cada unha das fases en que se estrutura a elaboración do Plan.

2.3.2. Protagonismo das entidades sociais no proceso

As entidades asociativas, empresariais, educativas, mediáticas, etc., actúan como nodos vertebradores en diferentes sectores e ámbitos da sociedade e teñen unha clara potencialidade para propoñer e

AS FUNCIÓNS DO PLAN

asumir iniciativas dinamizadoras. Neste sentido, adquiren un papel central na elaboración e desenvolvemento do Plan:

- » Unha **función difusora**, actuando como axentes de promoción e información para que a cidadanía coñeza con claridade o proceso do Plan.
- » Unha **función mediadora**, facendo posible, a través da súa participación nas Mesas Sectoriais, que os intereses, expectativas e necesidades socialmente sentidos teñan unha presenza clara no proceso e poidan integrarse nun acordo xeral de consenso concretado no Plan.
- » Unha **función vertebradora**, implicándose na construción de redes de cooperación entre os distintos sectores sociais, e entre estes e a Administración pública, que fagan posible a mellor implementación deste Plan de Acción.
- » Unha **función activadora**, actuando como espazos a través dos que a cidadanía poida ter unha participación activa na construción e apropiación do plan.

A elaboración do Plan partiu dunha dimensión netamente participativa, tendo como principais obxectivos os seguintes:

- » Implicar ao conxunto dos actores relevantes para o deseño e implementación do Plan, integrando os planos político, técnico e cidadá.
- » Integrar ás distintas perspectivas na constitución dun consenso social estratéxico que corresponsabilice aos conxunto de participantes nas políticas públicas de apoio ás familias.
- » Asentar un capital social sobre o que apoiar a implementación do Plan, así como outras accións públicas dirixidas ao sector.
- » Asumir a elaboración do Plan como unha oportunidade de desenvolver unha actuación pública de integración dos colectivos sociais, e definir unha estratexia de cooperación para o futuro.
- » Construír, de maneira participativa, o Diagnóstico e Plan de Acción, articulando de forma integrada a información científica e a xurdida nos propios espazos de participación.

AS FUNCIÓNS DO PLAN

O traballo destes espazos é clave para organizar o coñecemento do Diagnóstico de maneira funcional para a definición de propostas de actuación.

- » Debater e contrastar o Plan de Acción a partir do diagnóstico elaborado na primeira fase.

2.4. Proceso de desenvolvemento do traballo

O proceso de participación desenvolveuse ao longo do ano 2006-2007. As persoas e colectivos participantes estiveron presentes durante as dúas fases nas que se estruturou o proceso: fase de Diagnóstico e fase de deseño do Plan.

2.4.1. A fase de Diagnóstico

Nesta fase establecéronse o conxunto de accións destinadas a configurar o diagnóstico operativo sobre o que fundamentar as propostas estratéxicas.

O Diagnóstico procurou identificar as dimensións e características das familias galegas e o conxunto de necesidades sociais vinculadas. Ademais, estableceu un primeiro mapa de actores como paso pre-

vio para identificar as unidades informantes, así como delimitar o perfil das persoas a participar nos diversos órganos de seguimento e avaliación do Plan.

Dado o carácter complexo e interrelacionado dos diversos compoñentes do diagnóstico e o carácter integrador entre os diversos axentes que vinculados ao Plan, para a configuración do mesmo establécese unha dimensión técnica e outra participativa, entendidas como procesos complementarios.

As accións de carácter técnico a desenvolver nesta primeira fase foron as seguintes:

- » Sistematización e análise da información procedente de fontes secundarias.
- » Realización de entrevistas en profundidade a actores clave das Administracións e entidades socias.
- » Contactación cos participantes no Delphi, deseño do modelo de cuestionario e sistematización das valoracións.
- » Elaboración dunha ficha organizativa e avaliativa para cada un dos órganos e entidades

executores dos programas de apoio ás familias.

2.4.2. A fase de deseño do Plan de Acción

O Plan de Acción define un marco estratéxico que integra ao tecido de institucións e actores sociais nun esforzo conxunto e coordinado a prol da mellora das condicións de vida das familias galegas. O proceso de participación permitiu construír o consenso social que fundamenta a corresponsabilización dos axentes sociais. O Plan de Acción, igual que o Diagnóstico, definiuse mediante un proceso de diálogo social, estruturado a través dos distintos espazos de participación.

Espazos para a participación:

Comité de Seguimento

Espazo de traballo e seguimento do proceso de elaboración do Plan, conformado polas persoas responsables da área de Familias da Secretaría Xeral da Igualdade, a coa participación da súa responsable a Secretaría Xeral así como os responsables técnicos da área e os responsables da equipa técnica para a elaboración do Plan.

Ao longo do proceso celebráronse xuntanza periódicas que tiveron como obxectivos as seguintes cuestións:

- » Establecer as directrices iniciais do proceso, e as orientacións de investigación dirixidas ao diagnóstico e posterior deseño do Plan.
- » Seguimento do proceso de elaboración do Plan, establecendo mecanismos de revisión periódica do proceso.
- » Facilitar a información necesaria para a elaboración do diagnóstico e do Plan.
- » Favorecer o vínculo coas institucións, especialmente coa administración autonómica, de cara a súa implicación na elaboración do Plan.
- » Incorporar ao Plan as reflexións e contrastes oportunos desde o departamento promotor.

DELPHI

O método DELPHI baséase no consenso das propostas presentadas dende os distintos participantes, influíndo, entre eles, na información emitida. Contéplase a realización das seguintes fases:

AS FUNCIÓNS DO PLAN

AS FUNCIÓNS DO PLAN

- » Identificación das persoas expertas a incorporar no proceso.
- » Deseño e envío da primeira volta do modelo de cuestionario dirixidas ao deseño do Diagnóstico.
- » Implementación e recollida de propostas.
- » Sistematización da información e elaboración do modelo do segundo cuestionario para a fase do Plan de Acción.
- » Implementación e recollida de propostas.
- » Sistematización da información e integración de propostas no documento de elaboración do IV Plan de Integración e Apoio á Familia.
- » Debater e consensuar o documento de Diagnóstico para a súa área.
- » Establecer liñas de acción e orientacións estratéxicas do IV Plan Integral de Apoio á Familia.

Realizáronse de dúas roldas de reunións por cada unha das Mesas Sectoriais. A primeira reunión tiña como obxectivo o debate e validación do Diagnóstico da áreas correspondente e realización das propostas de obxectivos segundo área temática, mentres que a segunda rolda tiña como obxectivo a identificación das liñas e medidas de acción do IV Plan Integral de Apoio á Familia.

Mesas Sectoriais

A Mesas Sectoriais formuláronse como espazos centrais de encontro e participación dos axentes sociais de cara o deseño do Plan. Previo á configuración das Mesas, realizáronse máis de 50 entrevistas ás persoas participantes no proceso. A Mesas tiñan por obxectivo:

- » Establecer canles de diálogo cos actores sociais relevantes vinculados ás áreas a desenvolver.
- » En total organizáronse catro Mesas Temáticas, coas seguintes denominación e temas a abordar:
- » Mesa 1: Demografía e cambios nas familias galegas.
- » Mesa 2: Conciliación e xestión dos tempos.
- » Mesa 3: Educación e familias.
- » Mesa 4: Cooperación institucional.

3 Marco normativo

Abordar a análise da familia en Galiza, España e mesmo a nivel europeo, da lexislación e as políticas públicas na materia, supón ter en conta varios factores respecto da súa evolución. En primeiro lugar, destacar que as accións encamiñadas a mellorar a situación das familias caracterízanse por un tratamento, dende as administracións, con escasa visión de conxunto, respondendo máis a unha política social que afecta ás familias de maneira fragmentada atendendo, máis ben, ás distintas categorías ou grupos sociais¹. Neste sentido a evolución das políticas familiares vén condicionada polas transformacións estruturais que se relacionan coa evolución do mundo da economía e do traballo e co aumento da incorporación máis ou menos masiva e rápida das mulleres ao mercado laboral. Si é certo, que no ámbito europeo, a consolidación dunha acción común por parte dos países membros, resulta cada vez máis evidente. Neste sentido os principios xerais enunciados nas recomendacións ou directivas da Unión Europea, en materia de dereitos sociais mínimos, aínda que non se refiran

directamente ao campo familiar, supoñen adaptacións que inspiradas nunha filosofía común.

En todo caso, comparando a situación española coa países do noso entorno, prodúcese unha tardía incorporación ao ámbito das políticas familiares, en parte porque moitas das problemáticas ou situacións sociais aparecen máis tarde. A maiores as políticas sociais desenvolvidas caracterízanse por estar limitadas ao ámbito da seguridade social, aínda que na última década teñan avanzado no ámbito social ou socioasistencial.

En segundo lugar, en virtude do proceso de descentralización iniciado en 1978, as Comunidades Autónomas foron asumindo importantes competencias nos ámbitos da sanidade, a educación, o emprego e a formación, os servizos sociais e a vivenda, ámbitos todos eles centrais no ámbito das familias.

No ámbito autonómico, A Xunta de Galiza, a través da VicePresidencia da Igualdade e do Benestar, nomeadamente desde a Secretaría Xeral da Igualdade, asume a responsabilidade no ámbito das políticas dirixidas as

MARCO NORMATIVO

1. Flaquer Lluís, 2000.
Las políticas familiares desde una perspectiva comparada.

MARCO NORMATIVO

familias, tal e como se recolle na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, a elaboración e seguimento dos plans integrais de apoio á familia.

Igual que noutros campos, son varios os niveis da Administración con incidencia na acción pública referida ás familias. A crecente importancia das políticas comúns europeas na materia, o transvase de competencias ás CCAA nos ámbitos sinalados, configuran un reparto competente en materia de social que pon de relevo a importancia da interrelación dos ámbitos europeo, estatal, rexional e local na xestión das políticas dirixidas ás familias.

3.1. Normativa internacional e europea

O artigo 16.3 da Declaración Universal dos Dereitos humanos establece que “a familia é o elemento natural e fundamental da sociedade e ten dereito á protección da sociedade e do Estado” (Resolución da Asamblea Xeral do 10 de decembro de 1948).

Posteriormente na súa Resolución 47/237, de 20 de setembro de 1993, a Asamblea Xeral das Nacións Unidas decidiu consagrar cada 15 de maio como Día Internacional das Familias.

A nivel europeo, a UE non ten competencia no ámbito das políticas familiares, reservando a súa responsabilidade aos Estados, que as definen e aplican.

A produción normativa relativa á política comunitaria recollida en Directivas do Consello, Resolucións e Recomendacións conforman o fundamental da política europea neste campo. As mesmas constitúen a política marco de referencia para os Estados membros en materia de familia.

É así como temos que esperar á década dos 90 para atopar as primeiras medidas concretas (Recomendacións e Directivas) que abordan o ámbito da familia, sobre todo, no que respecta ás novas demandas sociais de conciliación da vida laboral e familiar. Medias que se recollen na “Comunicación sobre políticas familiares” publicada pola Comisión Europea en agosto de 1989 e recollida nas conclusións do Con-

sello de Ministros encargados da familia con data de 29 de setembro de 1989.

No ano 1989 créase o Observatorio de Políticas Familiares, que pasou a denominarse Observatorio sobre Asuntos Familiares no 1998 e, finalmente, no 2004, renoméase como Observatorio sobre Demografía e Situación Social. Especificamente, o Observatorio Europeo ten os seguintes obxectivos:

- » seguir as tendencias da evolución diversa das formas familiares;
- » seguir os cambios demográficos, socioeconómicos e políticos que afectan ás familias;
- » analizar a acción pública e avaliar o impacto das políticas familiares;
- » estimular investigacións independentes e de alta calidade sobre as familias e as políticas familiares;
- » aconsellar á Comisión Europea no ámbito das políticas familiares; e
- » contribuir ao debate público e teórico sobre as políticas familiares.

En 1992, o Consello adoptou a Recomendación sobre o coidado dos nenos e nenas² e a Directiva destinada a mellorar a seguridade e a saúde no traballo da traballadora embarazada ou que dera a luz³, que estipula en particular un período mínimo de 14 semanas de permiso de maternidade pagado⁴.

En 1994, o Parlamento Europeo aprobou a súa primeira Resolución sobre a protección das familias e unidades familiares ao final do Ano Internacional da Familia⁵.

O primeiro acordo entre os interlocutores sociais levou a aprobación dunha Directiva do Consello sobre o permiso parental e os permisos familiares en 1996⁶.

Tamén se teñen celebrado e transformado en lexislación europea outros acordos, en particular o acordo sobre o traballo a tempo parcial de maio de 1997 e o acordo sobre os contratos por tempo definido de marzo de 1999. O 16 de xullo de 2002 asinou un novo acordo europeo sobre o teletraballo.

En xaneiro de 1999, o Parlamento Europeo aprobou a súa segunda Resolución sobre a pro-

MARCO NORMATIVO

2. Recomendación 92/241/CEE do Consello, de 31 de marzo de 1992, sobre o coidado dos nenos e nenas. DO L 123 de 8/5/1992, pp 16-18.
3. Directiva 92/85/CEE do Consello, de 19 de outubro de 1992, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde no traballo da traballadora embarazada, que dera a luz ou en período de lactancia. DO L 348 DE 28.11.1992.
4. En 1999, a Comisión Europea adoptou un Informe sobre a aplicación desta Directiva nos Estados membros. Comisión Europea. COM (1999) 100 DE 15.3.1999.
5. DO C 18 de 23.1995.
6. Directiva 96/34/CE do Consello, de 3 de xuño de 1996, relativa ao Acordo marco sobre o permiso parental celebrado pola UNICE, o CEEP e a CES. DO L 145 de 19.6.1996, pp. 4-9

MARCO NORMATIVO

tección da familia e do neno. A Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de oportunidades destacou en varias ocasións a importancia de articular a actividade profesional e a vida familiar, de maneira que as mulleres teñan a posibilidade de obter uns ingresos duradeiros que lles garanten a autonomía económica e a individualización dos dereitos de seguridade social.

Posteriormente, o 29 de xuño de 2000, o Consello Europeo adoptou unha Resolución relativa á participación equilibrada de homes e mulleres na actividade profesional e na vida familiar⁷. Esta Resolución inscríbese no marco do Consello Europeo de Lisboa de 2000, que recoñeceu a importancia de mellorar a igualdade de oportunidades en todos os aspectos, entre outros reducindo a segregación profesional e permitindo unha articulación máis fácil entre a actividade profesional e vida familiar. Nese mesmo ano de 2000 o Consello Europeo aproba os indicadores sobre a articulación da vida familiar e a actividade profesional.

O Programa de Acción Comunitaria⁸ sobre a estratexia en mate-

ria de igualdade entre homes e mulleres (2001-2006) establece, entre outros obxectivos, promover a igualdade de acceso e o pleno disfrute dos dereitos sociais para as mulleres e os homes, proponendo mellorar o coñecemento e vixiar a aplicación da lexislación existente no ámbito social: permiso parental, protección da maternidade, tempo de traballo, tempo parcial e contratos de duración determinada.

A Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2002), garante a protección da familia no plano xurídico, económico e social e o *Tratado polo que se establece unha Constitución para Europa* recolle no seu artigo 93 “garantir a protección da familia nos planos xurídico, económico e social.

Máis recentemente convén destacar as Conclusións do Consello⁹ e dos representantes dos Gobernos dos Estados membros, sobre a importancia das políticas favorables á familia en Europa e o establecemento dunha Alianza en favor das Familias, onde fai fincapé, entre outras *en que o cambio demográfico exige que se fagan máis esforzos para que aqueles homes e*

7. Resolución do Consello e dos Ministros de Traballo e Asuntos Sociais, reunidos no seno do Consello de 29 de xuño de 2000, relativa á participación equilibrada de homes e mulleres na actividade profesional e na vida familiar. DO C 218 DE 31.7.2000.

8. Decisión do Consello de 20 de decembro de 2000. Decisión 2001/51 CE do Consello.

9. Conclusións do Consello e dos representantes dos Gobernos. 2007/C 163/01

mulleres que queiran traballar e crear unha familia poidan ter fillos sen ter por iso que sacrificar as súas carreiras, fomentando a igualdade de xénero e facilitando a conciliación entre actividade profesional, familia e vida privada, tendo en conta a participación equitativa de pais na organización familiar.

Ao tempo, dita Conclusións, destaca as políticas familiares sostibles teñen un papel que desempeñar á hora de mellorar a cohesión social e de conseguir un sólido desenvolvemento económico, para o que fai contemplar medidas nacionais nos seguintes ámbitos:

- » Mellora da infraestrutura social destinada ás familias, de maneira que as persoas con responsabilidade en canto a prestación de coidados poidan ingresar na vida profesional e manterse nela, facilitando aos nenos e nenas e demais persoas dependentes en particular, servizos de acollida de elevada calidade, asequibles e accesibles que inclúan a posta a disposición de asesoramento, educación parental e formación de coidadores como garderías e
- instalacións recreativas para mozos e mozas,
- » unha maior precisión á hora de destinar as axudas familiares, co obxecto de compensar mellor os custos do coidado dos fillos e fillas, tamén naqueles períodos inmediatamente posteriores o seu nacemento, atendendo debidamente as necesidades particulares das familias monoparentais e numerosas, e axudándolles a facer fronte as súas responsabilidades no coidado das persoas dependentes,
- » a mellora das condicións que regulan a organización do traballo e do tempo e un maior equilibrio entre seguridade e flexibilidade laborais ao longo do ciclo vital en beneficio da vida familiar, incluíndo en particular medidas axeitadas en materia de permisos tanto parentais como para o coidado de persoas dependentes, para homes e mulleres, un mellor acceso ás oportunidades de aprendizaxe permanente e garantindo a igualdade de xénero no emprego, especialmente mediante a superación de estereotipos de xénero.

MARCO NORMATIVO

MARCO NORMATIVO

A maiores, ditas Conclusións do Consello, insta aos Estados membros a:

- » a que empreguen de maneira intensiva as oportunidades e experiencias que ofrece a Alianza en favor das Familias e, en particular, a que aporten as contribucións necesarias para os traballos do Grupo de Alto Nivel sobre Demografía;
- » a que establezan, con motivo da preparación e organización de foros a escala local, rexional e nacional sobre temas de demografía e da familia, unha estreita cooperación cos interlocutores sociais e impliquen ás empresas e organizacións non gubernamentais;
- » a que aproveiten as posibilidades que ofrecen os Fondos Estruturais europeos e outros instrumentos europeos pertinentes de financiamento para garantir un apoio financeiro apropiado para iniciativas locais, rexionais e nacionais en favor das familias como, por exemplo, a organización de foros e asociacións nacionais, rexionais ou locais nos que se intente fomentar o emprego mediante unha maior conciliación do traballo, a familia e a vida privada, facilitando o acceso a centros de acollida de nenos e de atención ás persoas dependentes, así como mediante a adaptación da organización do traballo ás necesidades das familias;
- » a que adopten as medidas precisas para promover un reparto equitativo entre homes e mulleres das responsabilidades de prestación de coidados;
- » baseándose no principio de que a diversidade de políticas e tradicións familiares nacionais constitúen un bo recurso para que os Estados membros aprendan dos demais, a que empreguen a información e experiencia de que dispoñan por medio dun intercambio intensificado en toda a Unión Europea para determinar que melloras poderían introducirse nos seus propios marcos de apoio á familia.

3.2. Normativa estatal

En virtude do establecido na Constitución Española, establece que “os poderes públicos deben asegurar a protección xurídica,

MARCO NORMATIVO

social e económica da familia” (art 39.1). Isto significa que todas as Administracións Públicas son responsables, dentro das súas competencias, de proporcionar ás familias que o necesiten axudas económicas ou servizos para o cumprimento das súas responsabilidades, atender ás súas necesidades básicas e apoiálas cando pasen por situacións de especial dificultade.

Ademais o texto constitucional establece o deber dos poderes públicos de promover as condicións para a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas; e remover os obstáculos que impliquen ou dificulten a súa plenitude facilitando a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

A distribución competente habilita ás administracións para desenvolver unha acción pública en materia familiar, asumindo a súa responsabilidade a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Esta acción de tipo normativo atopa as súas orixes na Lei 39/1999, de 5 de novembro¹⁰, introducindo cambios legislativos

no ámbito laboral co obxectivo de que as traballadoras e traballadores poidan participar da vida familiar, abrindo o camiño da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. O desenvolvemento regulamentario parcial de dita Lei correspóndelle ao Real Decreto 1251/2001, 6 de novembro¹¹ que recolle as prestacións económicas dos sistemas de seguridade social por maternidade e risco durante o embarazo.

Posteriormente, a Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, vai legislar a protección deste tipo de unidades familiares, desenvolto regulamentariamente polo Real Decreto 1621/2005, de 30 de decembro.

A finais de 2006, aprobouse a Lei 39/2006, de 14 de decembro¹², de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia e un ano máis recentemente a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo¹³, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, introducindo medidas dirixidas á conciliación de familia e traballo e en relación aos servizos de apoio e protección ás familias.

10. BOE 6 de novembro 1999, nº 266.

11. BOE 17 de novembro 2001, nº 276.

12. BOE 15 de decembro 2006, nº 299.

13. BOE 23 de marzo de 2007, nº 71.

MARCO NORMATIVO

Desde o punto de vista executivo, as competencias estatais recaen no Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, a través da Secretaría del Estado de Seguridad Social, Familia y Discapacidad. Entre outras, están son algunhas das funcións que desenvolve:

- » O impulso, elaboración, coordinación e o seguimento dos programas de actuación en materia de protección e promoción das familias e a infancia, e de prevención das situacións de dificultade ou conflito social destes colectivos, no marco das competencias estatais e da cooperación coas comunidades autónomas, promovendo a coordinación interinstitucional sobre estas materias.
- » O fomento da cooperación coas organizacións non gubernamentais nos ámbitos relativos a programas de familia e infancia.
- » O impulso e xestión, no seu caso, de órganos colexiados para a análise, debate e propostas en materia de familias e infancia.
- » A análise da normativa relativa á protección e promoción das

familias e a infancia e, no seu caso, a formulación das propostas correspondentes.

- » As relacións con organismos estranxeiros e internacionais e a colaboración técnica nos programas de cooperación internacional relativos a familia e infancia.

3.3. Normativa autonómica

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, de conformidade co establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía, en relación co artigo 148.1º.20 da Constitución.

A actual distribución competente habilita ás Comunidades Autónomas para legislar e levar a cabo accións para desenvolver a política social. O concepto de política social dirixida ás familias abarca unha serie de dimensións relacionadas co gozo dun conxunto de dereitos económicos, sociais, educativos, culturais, etc. Estes dereitos afectan a diversos ámbitos competentes e sectoriais tales como educación, cultura, emprego, sanidade, vivenda e be-

MARCO NORMATIVO

nestar social, todos eles competencias, exclusivas ou compartidas, da Comunidade Autónoma Galega en virtude do establecido no mesmo *Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril)*.

Neste senso, sen prexuízo da regulación e accións estatais nestes ámbitos, o Parlamento galego é competente para a regulación do conxunto de materias sectoriais no ámbito da familia.

O Decreto 211/2005, do 3 de agosto, regula a actual estrutura orgánica da Xunta de Galiza. O Decreto 232/2005, de 11 agosto, modificado polos decretos 332/2005, do 18 de agosto e 545/2005, de 1 de setembro, fixa a estrutura orgánica dos seus distintos departamentos, sinalando no artigo 1 os órganos superiores e directivos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, entre os que nomea á Secretaría Xeral da Igualdade.

Á Secretaría Xeral correspóndelle o deseño, coordinación, avaliación e xestión das políticas que a Xunta realice en materia de xénero, loita contra a discriminación por razón de sexo, igualdade

entre homes e mulleres, loita contra as formas de violencia sexista contra as mulleres e conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Por outra banda tamén lle compete a promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres segundo o disposto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de homes e mulleres.

Asume tamén a xestión das políticas autonómicas en materia de acción social nos sectores da familia e da infancia segundo o disposto na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais; en concreto, compételle a xestión da política autonómica familiar en desenvolvemento do previsto na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, a elaboración e seguimento dos plans integrais de apoio á familia, as competencias de mediación familiar derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar, e do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar e, o rexistro de mediadores familiares de Galiza e o recoñecemento da mediación gratuita.

MARCO NORMATIVO

Tamén corresponde ao ámbito competencial da Secretaría Xeral o estudo da realidade social, a planificación e coordinación das entidades prestadoras de servizos sociais nos anteditos sectores, así como a cooperación con elas.

Ase mesmo ten atribuída a xestión de prestacións e programas dirixidos aos nomeados sectores de poboación obxecto da súa acción. O traspaso de funcións e servizos nestas materias fíxose por medio dos seguintes reais decretos:

- » Real decreto 2411/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos e asistencias sociais.
- » Real Decreto 4123/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tempo libre.
- » Real decreto 2414/1983, do 20 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia

en materia de garderías infantís laborais.

- » Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Instituto Nacional de Servizos Sociais (INSERSO) da Seguridade Social.

Máis en concreto, recollemos os obxectivos e liñas de acción a Secretaría Xeral da Igualdade no exercicio da competencias que ten encomendadas:

- » Diseñar e promover políticas familiares que contribúan a que a familia, como primeiro núcleo de convivencia, garantan a igualdade de oportunidades para os seus membros, ao tempo que promovan a igualdade de xénero e a solidariedade interxeneracional.
- » Potencias a formación de axentes de políticas de convivencia e política familiar, de xeito que se cree un marco adecuado de convivencia no seo da unidade familiar mediante a mediación, a educación familiar e a prevención da violencia de xénero.

MARCO NORMATIVO

- » Potenciar a visualización da infancia na súa dimensión social. Promover a adecuación á infancia dos espazos de lecer, culturais e sociais en xeral, pensados en función dos adultos.
- » Facilitar o acceso das familias á sociedade da información de xeito que a fenda dixital non sexa un impedimento para o desenvolvemento da unidade de convivencia e lle permita ser un factor determinante de decisión no desenvolvemento do sistema de información.
- » Mellorar e estender os servizos de apoio á infancia, asumindo o carácter da etapa infantil como unha etapa educativa vital, garantindo unha adecuada distribución territorial que permita un adecuado equilibrio entre o rural e o urbano na prestación de servizos de xeito que se garanta o principio de igualdade de oportunidades desde o inicio.
- » Impulsar políticas que promovan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar.
- » Proporcionar un marco social adecuado para facilitar a libre elección na formación de núcleos familiares e na adopción pola descendencia, mediante a inclusión na avaliación, deseño e xestión das políticas públicas sociais dunha perspectiva de incidencia familiar.
- » Potenciar os medios, axudas e servizos de atendan a familias en situación de risco social ou de especial debilidade.
- » Promover o establecemento de servizos complementarios de apoio ao coidado dos nenos e nenas.
- » Promover medidas normativas no ámbito laboral, fiscal e de seguridade social que contemplan as diversas circunstancias familiares.
- » Coordinar as distintas actuacións na atención á infancia de todas as áreas administrativas implicadas, garantindo a plena operatividade do principio de transversalidade e corresponsabilidade.
- » Apoiar e fomentar a colaboración de todos os sectores e, en particular, das corporacións locais e do terceiro sector ONGs,

MARCO NORMATIVO

na garantía dos dereitos dos nenos e nenas.

- » Promover medidas que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral implicando aos sectores sociais e coordinando a iniciativa pública e privada na creación dos recursos axeitados a este fin.

Como órgano de apoio constitúese o Observatorio Galego da Familia regulado no Decreto 202/1997, do 24 de xullo¹⁴. O Observatorio está integrado pola representación da dirección xeral das Consellerías máis directamente relacionadas coa política familiar, así como por representantes das asociacións familiares. As principais funcións do Observatorio Galego da Familia son:

- » Realizar análises, desde unha perspectiva integral e interdisciplinaria, sobre a situación das familias na Comunidade Autónoma.
- » Propoñer criterios de actuación coordinada e harmónica en materia de familia entre os distin-

tos Departamentos da Administración autonómica e local.

- » Facer propostas aos órganos competentes das administracións públicas relativas aos programas de actuación que se consideren máis adecuados ás necesidades reais.
- » Elaborar informes e dictámenes por petición dos órganos competentes da Comunidade Autónoma.
- » Elevar propostas e informes ao representante español no Observatorio Europeo de Políticas Familiares para a súa presentación ante este.
- » Manter contactos coas organizacións e asociacións familiares da Comunidade Autónoma a centros que teñan como finalidade a atención sociofamiliar.
- » Solicitar información sobre a situación demográfica e sobre as actividades e programas relacionados coa familia que leven a cabo as distintas comunidades autónomas.

14. DOG xoves 7 de agosto de 1997, nº 151

4 IV Plan Integral de Apoio ás Familias Galegas 2008-2011

Plan de Acción

DIRECTRICES ESTRATÉXICAS

As directrices estratéxicas o IV Plan Integral de Apoio ás Familias, establecen as orientacións xenéricas respecto á consecución das actuacións dirixidas a mellorar a situación e a calidade de vida das familias galegas:

- » Contribuír á mellora do nivel de benestar das familias e das persoas que as integran.
- » Ter en conta e atender ás novas realidades sociais derivadas do cambio demográfico na poboación galega.
- » Desenvolver, programar políticas preventivas e valorar especificamente as situacións familiares máis vulnerables.
- » Ter en conta e valorizar a tipoloxía dos diferentes modelos de familias á hora de definir os obxectivos e propostas nos que se sustenta o Plan.
- » Valorizar e apoiar ás familias no desempeño do labor educativo e de socialización dos seus membros.
- » Dar cobertura e apoiar ás parellas e persoas para que poidan desenvolver, con plenas garantías, o seu proxecto familiar e ter o número de fillas e fillos que desexen.
- » Facilitar a conciliación das responsabilidades familiares, persoais e profesionais.
- » Fomentar a oferta de espazos dirixidos ao encontro e desenvolvemento de actividades conxuntas para nais e pais e fillas e fillos.
- » Promover e valorizar as prácticas de solidariedade interxeracional e intraxeracional.
- » Implicar aos distintos actores sociais e profesionais no proceso de desenvolvemento do Plan así como no seguimento das accións que nel se recollen.
- » Integrar as propostas recollidas no Plan con aquelas accións e programas que afectan ao benestar das familias e que se desenvolvan dende outros departamentos da Xunta.
- » Acadar un consenso político e social respecto do cumprimento e execución do Plan, promovendo un cambio no deseño e implementación das políticas públicas para que teñan en conta a perspectiva e necesidades das familias.

PLAN DE ACCIÓN

PLAN DE ACCIÓN

1. ÁREA DE NATALIDADE E CONVIVENCIA NOS FOGARES

Galiza sitúase entre as rexións de Europa cunha menor taxa de natalidade, sendo moitos os factores que explican os cambios nos comportamentos demográficos da nosa sociedade e que afectan á composición e necesidades das familias. Novos modelos familiares, que responden aos cambios sociais, económicos e relacionais, e que dificultan a conciliación dos tempos. Neste contexto os poderes públicos deben poñer a disposición das persoas as condicións e ferramentas que faciliten asumir con plenas garantías a responsabilidade de ser nai ou pai.

Ao tempo faise preciso o apoio das administracións e dos axentes sociais e profesionais na prevención e solución de posibles situacións conflictivas derivadas da separacións e divorcios nas parellas.

OBXECTIVOS DA ÁREA

- 1.1 Ofrecer a oportunidade ás familias, homes e mulleres que así o demanden, de disfrutar con plenas garantías do coidado dos recén nados.
- 1.2 Acompañar e apoiar aos pais e nais e aos seus fillos e fillas nos procesos de rupturas familiares.
- 1.3 Promover e apoiar aos pais e nais no disfrute e recoñecemento das súas fillas e fillos no caso de separación e/ou divorcio

PROGRAMA 1. NATALIDADE E COIDADADO DOS RECÉN NADOS

ACCIÓNS:

- 1.1** Instar á Administración central o compromiso de aumentar, ata os seis meses, o permiso por maternidade.

Indicadores:

- » Requerimento presentado ao Ministerio de Traballo e Inmigración.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Traballo.

- 1.2** Desenvolvemento dun programa formativo e informativo dirixido ás familias, naturais e adoptantes, de mellora das habilidades parentais.

Indicadores:

- » Deseño de programas formativos.
- » Número de accións formativas ofertadas.
- » Número e perfil das persoas participantes.
- » Deseño e difusión dun guieiro informativo.
- » Número de soportes (folletos, anuncios, etc.) publicados.

Axentes implicados:

- » Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Asociación Galega de Adopcións Internacionais.
- » Colectivos de nais e pais.

PLAN DE ACCIÓN

PLAN DE ACCIÓN

1.3 Realización de estudos para á implantación dun servizo de atención e coitado a domicilio dos recén nados e das súas nais en situacións familiares puntuais.

Indicadores:

- » Deseño do estudo para a implantación do servizo.
- » Creación do servizo de atención domiciliaria.
- » Publicitación do servizo ou axuda.
- » Número de recén nados atendidos.
- » Número de nais demandantes do servizo.
- » Número de nais atendidas.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Sanidade.

1.4 Promoción de campañas de valorización e recoñecemento das familias.

Indicadores:

- » Deseño das campañas.
- » Número de soportes (dípticos, anuncios nos medios de comunicación, etc) editados para a publicitación da campaña.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

1.5 Recompilación e difusión dos recursos e servizos de apoio postos a disposición das familias.

Indicadores:

- » Recompilación (en formato papel ou multimedia dos recursos e servizos).
- » Número de soportes (folletos, CDS, web) editados.
- » Número de visitantes (no seu caso) que accedan á páx web.

PLAN DE ACCIÓN

- » Evolución do número de familias que se acollen ás medidas ou programas dirixidos ao seu colectivo.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Outras Consellerías:
- » Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- » Consellería da Vivenda e Solo.
- » Consellería de Industria e Innovación.
- » Consellería de Traballo.

- 1.6** Deseño de liñas de actuación específicas que atendan ás necesidades das familias numerosas, monoparentais, así como as que se atopan en risco de exclusión social, no que respecta aos seguintes ámbitos: acceso preferente a recursos de apoio, deducións fiscais, liñas de axudas por menores a cargo, bolsas para servizos de comedor e transporte, acceso á vivenda, etc.

Indicadores:

- » Número de programas deseñados.
- » Recopilación e divulgación (número de dípticos, anuncios ou páxina web) dos programas.
- » Número de servizos ou axudas postas en marcha.
- » Estimación do número de familias beneficiarias dos programas segundo a súa tipoloxía.
- » Número de familias demandantes dos programas.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- » Consellería da Vivenda e Solo.
- » Consellería de Industria e Innovación.
- » Consellería de Traballo.

PLAN DE ACCIÓN

1.7 Ampliación e aplicación, ao conxunto dos centros de atención á infancia, da normativa reguladora para a localización e deseño de espazos educativos e de coidado infantil baixo criterios de habitabilidade e calidade ambiental.

Indicadores:

- » Número de novos centros (de ensino e de atención á infancia) que cumpren a normativa.
- » Número de centros en funcionamento (de ensino e de atención á infancia) que se adaptan á normativa.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1.8 Organización de xornadas, foros e espazos de traballo para a identificación de necesidades e o intercambio de experiencias, entre familias, profesionais e administracións públicas.

Indicadores:

- » Número de xornadas, foros e espazos de traballo organizados.
- » Número de asociacións e colectivos sociais e de promoción das familias, participantes.
- » Número de profesionais participantes.
- » Número de organismos e institucións públicas participantes.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellerías vinculadas (Educación, Vivenda, Sanidade, etc)
- » Colexios Profesionais e colectivos e entidades que desenvolven o seu labor no ámbito das familias.
- » Persoas expertas ou con traxectoria profesional no deseño de políticas públicas das familias.
- » Asociacións de nais e pais.
- » Outros colectivos sociais.

PROGRAMA 2. ACOMPAÑAMENTO NOS CASOS DE RUPTURAS FAMILIARES

ACCIÓNS:

2.1 Difusión, a través dunha campaña, dos Gabinetes de Orientación Familiar.

Indicadores:

- » Deseño da campaña.
- » Número de soportes (dípticos, folletos e ou anuncios inxeridos nos medios de comunicación) editados.
- » Número de persoas e/ou visitas que accederon á información á través da páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Colexios Profesionais (de Educadoras e Educadores Sociais, Traballadoras e Traballadores Sociais, Psicoloxía).

2.2 Realización de estudos para saber da viabilidade da comarcalización dos recursos de Orientación Familiar.

Indicadores:

- » Número de estudos realizados.
- » Número de recursos de ámbito comarcal creados.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Colexios Profesionais (de Educadoras e Educadores Familiares, Traballadoras e Traballadores Sociais, Psicoloxía).
- » Concellos.
- » Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar.

PLAN DE ACCIÓN

PLAN DE ACCIÓN

2.3 Redefinición dos Gabinetes de Orientación Familiar e reforzamento dos equipos multidisciplinares de profesionais para a súa prestación a través dun servizo de información e asesoramento virtual.

Indicadores:

- » Documento que recolla a nova organización e tarefas que oriente os GOF.
- » Creación dun servizo virtual.
- » Incorporación de novos profesionais ao servizo.
- » Número de visitas ao portal web.
- » Número de persoas usuarias demandantes do servizo.
- » Número de casos atendidos e resoltos.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Colexios Profesionais (de Educadoras e Educadores Sociais, Traballadoras e Traballadores Sociais, Psicoloxía).

2.4 Promoción e extensión do Servizo de Mediación Familiar nos procesos de crise ou dificultade familiar, antes, durante e despois dos procesos de separación ou divorcio.

Indicadores:

- » Campaña de promoción do servizo.
- » Número de familias en proceso de separación ou divorcio atendidas.
- » Número de casos de separacións e divorcios acordados a través do servizo.
- » Evolución dos casos de demandas por incumplimento dos acordos de separación ou divorcio.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Servizos de Mediación Familiar.
- » Colexios Profesionais (de Educadoras e Educadores Sociais, Traballadoras e Traballadores Sociais, Psicoloxía, Avogacía).

PLAN DE ACCIÓN

2.5 Tratamento específico de apoio e asesoramento nos casos de rupturas familiares entre parellas adoptantes.

Indicadores:

- » Creación do servizo.
- » Número de familias adoptantes demandantes do servizo.
- » Número de casos atendidos.

Axentes implicados:

- » Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Asociación Galega de Adopcións Internacionais

2.6 Estudo para a ampliación territorial e difusión de Puntos de Encontro.

Indicadores:

- » Número de estudos realizados.
- » Número de Puntos de Encontro creados.
- » Número de familias atendidas.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

2.7 Elaboración de protocolos de coordinación, comunicación e traslado dos expedientes e acordos familiares, desde os Puntos de Encontro ás instancias xudiciais.

Indicadores:

- » Deseño do protocolos.
- » Número de expedientes e acordos familiares que se presentan nos Puntos de Encontro
- » Número de expedientes e acordos familiares que se comunican desde os Puntos de Encontro ás instancias xudiciais.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

PLAN DE ACCIÓN

2. ÁREA DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN

A conciliación entre a actividade laboral, a vida persoal e as necesidades de coidados e atención á familia, son cuestións que se recollen nesta área. Poder asegurar aos pais e nais o tempo de dedicación que garanta mínimamente o coidado das súas fillas e fillos así como das persoas dependentes, supón dotar á sociedade dos recursos e servizos que aseguren as responsabilidades familiares.

A conciliación, precisa tamén da participación, en termos de igualdade, de homes e mulleres no proxecto familiar do que forman parte, implicando á sociedade no seu conxunto no desenvolvemento de accións efectivas que melloren a calidade de vida e de atención aos seus membros.

A conciliación debe asegurar, a maiores, o disfrute conxunto da familia no seu tempo libre, contando cos mecanismos que favorezan o acceso á cultura e ocio, promovendo así o desenvolvemento de hábitos de convivencia no marco dunhas relacións que fomenten a confianza e o coñecemento entre nais e pais coas súas fillas e fillos.

OBXECTIVOS DA ÁREA

- 2.1 Introducir unha nova cultura da corresponsabilidade nas tarefas de coidado das fillas e fillos e das persoas dependentes, reducindo os obstáculos que impidan a asunción de obrigas por parte dos seus membros, especialmente dos homes.
- 2.2 Facilitar o disfrute conxunto e de calidade do tempo de ocio e tempo libre familiar.

PROGRAMA 3. SERVIZOS E RECURSOS PARA A CONCILIACIÓN

ACCIÓNS:

- 3.1 Ampliación da oferta de prazas e servizos da rede de escolas infantís públicas de 0-3 anos.

Indicadores:

- » Número de novas prazas creadas de escolas infantís.
- » Número de escolas infantís que amplían o seu horario de atención.

PLAN DE ACCIÓN

- » Evolución do Índice de cobertura de prazas de educación infantil de 0-3 anos.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar.

- 3.2** Creación e promoción dun servizo de atención domiciliaria para o coidado puntual de nenas e nenos.

Indicadores:

- » Número de servizos creados.
- » Número de familias demandantes do servizo.
- » Número e tipoloxía de familias que se beneficiaron do servizo.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

- 3.3** Extensión do servizo de almorzo e xantar nos centros de ensino promovendo as boas prácticas alimenticias.

Indicadores:

- » Índice de cobertura do servizo de almorzo existentes na actualidade.
- » Índice de cobertura do servizo de xantar existente na actualidade.
- » Número de centros que crean o servizo de almorzo.
- » Número de centros que crean servizo de xantar.
- » Número de centros que incorporan un menú saudable.
- » Estudo para o seguimento das boas prácticas alimenticias nos centros de ensino.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- » ANPAS

PLAN DE ACCIÓN

3.4 Promoción dun programa de aloxamento dirixido ás familias cuidadoras de enfermos hospitalizados lonxe do seu lugar de residencia.

Indicadores:

- » Liña de axudas creada.
- » Número de servizo (camas) ofertadas.
- » Número de familias que cumpren o perfil e demandan o servizo.
- » Número de familias beneficiarias do servizo.

Axentes implicados:

- » Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

3.5 Creación dun servizo de respiro familiar dirixido ás familias cuidadoras de persoas hospitalizadas por estadías longas.

Indicadores:

- » Creación do servizo.
- » Número de persoas beneficiarias que cumpren o perfil (estadías longas, lonxe da súa casa, tipo de cuidados que requiren).

- » Número de familias que demandan o servizo.
- » Número de familias beneficiarias do servizo.

Axentes implicados:

- » Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

3.6 Deseño e difusión de campañas onde se visibilicen outros modelos ou estereotipos masculinos (corresponsables coas tarefas domésticas, no cuidado das fillas e fillos, afectivos, sensibles, etc).

Indicadores:

- » Número de campañas realizadas.
- » Número de soportes publicitarios da campaña (papel, anuncios, etc).
- » Evolución dos datos en materia de corresponsabilidade da Enquisa de *Usos do Tempo e Usos dos tempos e corresponsabilidade: prácticas, actitudes e valoracións.*

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

PLAN DE ACCIÓN

3.7 Promoción de programas para actividades de coitado e atención das nenas e nenos en horarios extraescolares.

Indicadores:

- » Liña de axudas creada.
- » Número de axudas ofertadas.
- » Número de axudas presentadas desde os concellos e entidades sociais.
- » Número de axudas aprobadas.
- » Número de actividades realizadas.
- » Número de nenas e nenos participantes.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Concellos galegos (FEGAMP).
- » Entidades e colectivos sociais.
- » Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

PROGRAMA 4. FAVORECENDO A CONCILIACIÓN DESDE O ÁMBITO LABORAL

ACCIONES:

4.1 Constitución dunha Mesa de diálogo con axentes económico-sociais e institucionais que avance en medidas de conciliación.

Indicadores:

- » Constitución da Mesa.
- » Número e tipoloxía de axentes que participan na Mesa.
- » Número de xuntanzas mantidas.
- » Número de medidas aprobadas na Mesa.
- » Número de medidas postas en marcha.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Traballo.
- » Colectivos empresariais.
- » Sindicatos.

PLAN DE ACCIÓN

4.2 Promoción do dereito a compartir o permiso por nacemento de filla ou fillo no caso de que non se dea a lactancia materna.

Indicadores:

- » Número de medidas deseñadas.
- » Número de permisos demandados.
- » Número de permisos aprobados.
- » Evolución do número de permisos compartidos.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Traballo.

4.3 Integración de cláusulas para a conciliación dentro dos convenios colectivos.

Indicadores:

- » Número de cláusulas para a conciliación incorporadas nos convenios colectivos.
- » Número de convenios que contan con cláusulas para a promoción da conciliación.
- » Número de medidas implementadas dentro das cláusulas.
- » Número de beneficiarios e beneficiarias (tipoloxías das persoas segundo idade, xénero, razón, etc) que se acollen ás medidas de conciliación.
- » Evolución do número de traballadoras e traballadores que se acollen ás medidas de conciliación.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Traballo.
- » Colectivos empresariais.
- » Sindicatos.

PLAN DE ACCIÓN

4.4 Promoción dunha liña de axudas, e recoñecemento nos convenios colectivos, para a contratación de persoal dirixida a cubrir a ausencia do pai e da nai naqueles casos nos que o proceso de adopción e/ou acollemento esixe a presenza dos dous membros.

Indicadores:

- » Liñas de axudas aprobadas.
- » Número de convenios colectivos que recoñecen e promocionan o dereito.
- » Número de solicitudes presentadas.
- » Número de contratos asinados para a incorporación de traballadoras e traballadores.
- » Evolución do número de adopcións internacionais.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Traballo.

- » Colectivos empresariais.
- » Sindicatos.
- » Asociación Galega de Adopcións Internacionais

4.5 Promoción, a través dos convenios, do dereito de redución de xornada para o coidado de familiares con doenzas ou enfermidades graves e das persoas dependentes.

Indicadores:

- » Número convenios asinados.
- » Número de solicitudes presentadas.
- » Número de casos de traballadoras e traballadores que se acollen á redución de xornada.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Traballo.
- » Colectivos empresariais.
- » Sindicatos.

PLAN DE ACCIÓN

4.6 Recoñecemento laboral e social, a través de campañas de promoción da participación e seguimento das nais e pais no proceso educativo das fillas e fillos (asistencia ao servizo de titorías, participación no Consello Escolar, etc).

Indicadores:

- » Número de campañas realizadas.
- » Número de nais e pais que acuden ao servizo de titorías dos centros de ensino, participación nas ANPAS e actividades do centro, etc.
- » Evolución dos datos da Enquisa de *Usos do Tempo e Usos dos tempos e corresponsabilidade: prácticas, actitudes e valoracións*.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Traballo.
- » Colectivos empresariais.
- » Sindicatos.
- » ANPAS.

4.7 Recoñecemento social, a través dun premio, ás empresas que desenvolven programas de conciliación.

Indicadores:

- » Deseño do premio.
- » Divulgación do premio.
- » Número de empresas candidatas ao premio.
- » Empresas premiadas.
- » Evolución do número de empresas que incorporan medidas ou plans de conciliación.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Traballo.
- » Colectivos empresariais.
- » Sindicatos.

PLAN DE ACCIÓN

4.8 Recompilación e divulgación das liñas de axudas dirixidas ás empresas para a promoción de accións de fomento da conciliación.

Indicadores:

- » Número de folletos ou soportes editados para a súa divulgación.
- » Número de empresas ás que se lles achegou a información.
- » Número de empresas que promoven accións para a conciliación.
- » Número de traballadores e traballadoras que se acollen a medidas para a conciliación.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Traballo.
- » Colectivos empresariais.
- » Sindicatos

4.9 Valorización ás empresas que dispoñan dun Plan de conciliación a través dos

procesos de contratación e concursos que inicien coas administracións públicas.

Indicadores:

- » Inclusión de cláusulas para a incorporación do criterio nos concursos e contratos das administracións públicas.
- » Número de procesos de contratación que valorizan o Plan de conciliación como mérito nos procesos de contratación.
- » Número de empresas que presentan ou xustifican o deseño do Plan de conciliación.
- » Evolución do número de empresas que contan cun Plan de conciliación.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- » Consellería de Traballo.
- » Colectivos empresariais.
- » Sindicatos.

PLAN DE ACCIÓN

4.10 Deseño e divulgación, entre as empresas, de estudos que dan conta dos beneficios derivados da promoción de prácticas que favorecen a conciliación persoal, familiar e laboral.

Indicadores:

- » Número de estudos realizados.
- » Número de campañas informativas deseñadas para a divulgación e promoción entre as empresas.
- » Número de empresas informadas.
- » Número de empresas que implantan medidas para a conciliación.
- » Evolución do número de traballadoras e traballadores que se acollen a medidas de conciliación.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Traballo.
- » Colectivos empresariais.
- » Sindicatos.

4.11 Deseño e promoción dun catálogo de boas prácticas de responsabilidade social da empresa, implicando aos sindicatos, empresas e asociacións do sector.

Indicadores:

- » Número de catálogos deseñados.
- » Número de catálogos divulgados.
- » Número de empresas informadas.
- » Número de empresas que implantan medidas para a conciliación.
- » Evolución do número de traballadoras e traballadores que se acollen a medidas de conciliación.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Traballo.
- » Colectivos empresariais.
- » Sindicatos.

PLAN DE ACCIÓN

4.12 Incorporación de módulos de formación en conciliación dentro dos ciclos formativos e/ou licenciaturas onde se impartan materias dirixidas á xeración de emprego, xestión de persoal e deseño de plans de empresa.

Indicadores:

- » Número de módulos de conciliación incorporados nos ciclos formativos e tipo de ciclo ou licenciatura.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- » Consellería de Traballo.
- » Colectivos empresariais.
- » Sindicatos.

4.13 Deseño dun programa de formación e información na conciliación dirixido ao colectivo de axentes de emprego para que trasladen estes aspectos ás novas persoas emprendedoras.

Indicadores:

- » Número de programas formativos deseñados.
- » Número de accións formativas desenvolvidas.
- » Número de campañas informativas deseñadas.
- » Número de soportes informativos editados.
- » Número de participantes nas accións formativas.
- » Empresas de nova creación que incorporan un plan de conciliación.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Traballo.

PLAN DE ACCIÓN

**PROGRAMA 5.
TEMPO LIBRE EN FAMILIA**

ACCIÓNS:

5.1 Elaboración de informes que dean conta do estado e grao de adecuación dos parques infantís, incluíndo as instalacións dos centros escolares, ás normas de seguridade e hixiene.

Indicadores:

- » Número de informes elaborados.
- » Número de parques infantís e instalación dos centros de ensino existentes que cumpren a normativa, respecto do total.
- » Número de parques infantís e instalacións dos centros de ensino que non cumpren a normativa, respecto do total.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Concellos

5.2 Deseño dun programa para a equipación dos espazos de ocio infantil con soportes informativos dirixidos ás familias e cos recursos dirixidos a favorecer a interrelación e o xogo entre as nenas e nenos e as persoas cuidadoras.

Indicadores:

- » Número de soportes informativos instalados nos parques e espazos de ocio infantil.
- » Número de equipamentos novos instalados para o disfrute conxunto entre nenas e nenos e persoas cuidadoras.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Concellos.

PLAN DE ACCIÓN

5.3 Extensión e promoción do Programa Galecer.**Indicadores:**

- » Número de instalacións existentes.
- » Cobertura das instalacións respecto da poboación infantil.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Concellos.

5.4 Promoción, entre concellos e entidades sociais, de accións para a realización de actividades de tempo libre en familia aproveitando as instalacións públicas de uso colectivo (bibliotecas, centros deportivos, etc.).**Indicadores:**

- » Deseño do programa de actividades.
- » Número de concellos e entidades sociais que demandan a realización do programa.

» Número acordos cos concellos para a realización de actividades.

- » Número de actividades deseñadas. Número de participantes nas actividades.
- » Evolución do número de usuarias e usuarios (socias e socios de bibliotecas, clubs deportivos, etc).

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Concellos.
- » Entidades e colectivos sociais.

PLAN DE ACCIÓN

5.5 Elaboración dun Plan de difusión e disfrute de instalacións educativas existentes fóra do horario escolar: servizos de ludotecas, actividades extraescolares, etc.

Indicadores:

- » Deseño do Plan de difusión das instalacións.
- » Identificación das instalacións: inventariado, servizos ofertados, horarios, etc.
- » Campaña de difusión do Plan.
- » Número de soportes empregados para a campaña.
- » Número de actividades deseñadas.
- » Número de nenas e nenos usuarios das instalacións.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- » Concellos.
- » ANP
- » Consellería de Cultura

5.6 Realización de campañas dirixidas á promoción e disfrute conxunto do tempo libre en familia introducindo criterios de consumo responsable.

Indicadores:

- » Deseño das campañas.
- » Número de soportes publicitarios de difusión das campañas.
- » Número de familias destinatarias das campañas.
- » Evolución dos datos da *Enquisa de usos do tempo*.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- » Dirección Xeral de Comercio e Consumo. Consellería de Industria e Innovación.
- » Medios de comunicación
- » Asociacións e colectivos de nais e pais.
- » Organizacións e grupos de consumo responsable.

PLAN DE ACCIÓN

3. ÁREA DE EDUCACIÓN **OBXECTIVOS DA ÁREA**

A sociedade e as institucións recoñecen á familia un papel fundamental, desde o punto da socialización, e tamén educativo e afectivo dos seus membros.

A necesidade de abordar medidas dirixidas a fornecer ás familias das habilidades e recursos que as impliquen nestas dimensións, son consideradas centrais no ámbito das políticas familiares.

Os problemas de organización e xestión dos tempos das familias (longas xornadas laborais, tarefas do fogar, tempo persoal etc) agravan as dificultades que pais e nais no desempeño do seu papel educativo, convertendo á escola nun espazo ao que se lle demanda cubrir esa función case que en exclusiva.

Procurar a implicación das nais e pais no proxecto educativo dos centros de ensino e dos seus fillos e fillas, convértese neste apartado nun obxectivo prioritario, ao tempo que diseña mecanismos dirixidos a responsabilizar ás familias, e a sociedade en xeral, na formación de persoas responsables e comprometidas.

3.1 Fomentar a implicación das familias no proceso educativo das súas fillas e fillos.

3.2 Facilitar a interrelación e mellorar os mecanismos de comunicación e intercambio entre as familias e a escola.

3.3 Promover entre as familias actitudes, valores e coñecementos en pro da igualdade, a diversidade e a solidariedade.

PLAN DE ACCIÓN

**PROGRAMA 6.
EDUCACIÓN EN FAMILIA**

ACCIÓNS:

6.1 Promoción do Programa Escola de Pais e Nais como reforzo e mellora das habilidades educativas e comunicativas dirixidas, entre outras, ao disfrute do tempo libre en familia, á sensibilización dos fogares no consumo responsable e no ámbito da igualdade.

Indicadores:

- » Deseño do Programa.
- » Número de novas experiencias implantadas.
- » Evolución do número de nais e pais que acoden ao programa.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
- » Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar
- » Concellos

- » Asociacións e colectivos de nais e pais.

6.2 Coordinación e reforzo da rede de profesionais e dos servizos de orientación e apoio dirixido ás familias para un mellor exercicio dos roles parentais e mellora da convivencia.

Indicadores:

- » Número de servizos creados.
- » Número e perfil dos profesionais que integran os servizos.
- » Número de nais e pais atendidas.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
- » Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar.

6.3 Promoción, nos medios de comunicación públicos, de programas culturais e educativos dirixidos ás familias.

Indicadores:

- » Número de programas deseñados (tipoloxía, horario e formato).
- » Número e tipoloxía dos medios de comunicación que se suman á iniciativa.
- » Ratio de audiencia dos programas.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Cultura.
- » Secretaría Xeral de Comunicación. Consellería de Presidencia.
- » Compañías dos medios de comunicación, públicos e privados.
- » Asociacións e colectivos de nais e pais.
- » Colectivos e entidades pedagóxicas.

6.4 Deseño e divulgación de campañas dirixidas a estimular as responsabilidades paternas e maternas ao tempo que a autonomía persoal das nenas e nenos.

Indicadores:

- » Número de campañas deseñadas (tipoloxía e formato).
- » Número de familias destinatarias das campañas.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Asociacións e colectivos de nais e pais.
- » Colectivos e entidades pedagóxicas.

PLAN DE ACCIÓN

PLAN DE ACCIÓN

6.5 Desenvolvemento de campañas informativas no uso responsable dos medios de comunicación e novas tecnoloxías.

Indicadores:

- » Número de campañas deseñadas.
- » Número de folletos, anuncios, cuñas etc inxeridas nos medios.
- » Evolución dos datos da *Enquisa de tecnoloxía da información nos fogares*.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Innovación e Industria.
- » Asociacións e colectivos de nais e país.
- » Colectivos e entidades pedagóxico.

6.6 Reforzo do Programa de Atención Especializada dirixido ás familias en desvantaxe sociocultural (minorías étnicas, inmigrantes, etc).

Indicadores:

- » Número de servizos reforzados, modificados ou mellorados, dentro do Programa.
- » Número de familias beneficiarias.
- » Número de familias usuarias.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- » Colectivos (asociacións, ONGDs, etc) que traballan coas familias.
- » Secretaria Xeral de Emigración.

PLAN DE ACCIÓN

6.7 Creación dun centro de recursos para a recompilación, elaboración e divulgación de materiais e servizos de apoio dirixido ás familias.

profesorado, en temáticas vencelladas á resolución de conflitos, habilidades comunicativas e afectivas.

Indicadores:

- » Creación do centro.
- » Dotación de recursos (técnicos e materiais).
- » Número de visitas/persoas usuarias.
- » Número de actividade ou programas desenvoltos.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellerías vinculadas ao Observatorio Galego das Familias.

Indicadores:

- » Deseño do programa formativo.
- » Número de accións formativas deseñadas.
- » Número de accións formativas e prazas ofertadas.
- » Número de docentes que participan nos cursos.
- » Enquisas de avaliación das accións formativas.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- » Sindicatos de Ensino.
- » CEFORES.
- » Colectivos de Socio Pedagóxicos de Profesionais do ensino.

PROGRAMA 7. FAMILIA E ESCOLA

ACCIONES:

7.1 Deseño dun programa de formación, dirixido ao

PLAN DE ACCIÓN

7.2 Inclusión nos plans de formación de módulos específicos para a formación de titores en técnicas e métodos que promovan a dinamización da comunidade escolar e a implicación e participación das familias no centro educativo.

Indicadores:

- » Deseño do programa formativo.
- » Número de accións formativas deseñadas.
- » Número de accións formativas e prazas ofertadas.
- » Número de docentes que participan nos cursos.
- » Enquisas de avaliación das accións formativas.
- » Número de accións ou proxectos de dinamización na comunidade educativa.
- » Evolución do número de pais e nais que acoden ás titorías.
- » Evolución do número de pais e nais que participan no centro.

Axentes implicados:

- » Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- » Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- » Sindicatos de Ensino.
- » CEFORES.
- » Colectivos de Socio Pedagóxicos de Profesionais do ensino.

7.3 Promoción de espazos nos medios de comunicación que fomenten o debate e encontro dos membros da comunidade educativa como fórmula de coñecemento e intercambio de experiencias.

Indicadores:

- » Encontros cos medios de comunicación para a incorporación, dentro das programacións, deste tipo de espazos.
- » Número de programas ofertados.
